

MEMORIA PROXECTO TIL

IES PONTE CALDELAS

Curso 2018/19

## ÍNDICE

Introdución.....	3
Xustificación .....	3
Alumnado, profesoras e departamentos implicados.....	4
Calendario de aplicación .....	4
Competencias, contidos e estándares .....	5
Obxecto de investigación proposto .....	9
Proceso de deseño e elaboración.....	10
Material elaborado .....	12
Tarefas realizadas polo alumnado.....	13
Recursos utilizados e fontes empregados.....	14
Implicación da comunidade educativa .....	15
Participación da biblioteca escolar .....	16
Difusión dos traballos .....	16
Avaliación realizada .....	17

## Introdución

### Xustificación

Este proxecto desenvólvese a partir fundamentalmente de tres necesidades:

- a) Adaptar o ensino das linguas á **metodoloxía TIL**, tal como recolle a LOMCE na aliña 10, artigo 11, respecto dos seus principios metodolóxicos: *“Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares en cada materia lingüística, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.”*
- b) Favorecer o **enfoque comunicativo** das linguas, fuxindo de estratexias máis gramaticalistas. Perséguese que o alumnado perciba as linguas como a ferramenta máis poderosa que posúe para a interacción comunicativa e que perciba que o seu dominio (aprendido na escola) é útil e enriquecedor para desenvolverse na súa vida cotiá.
- c) Elaborar material didáctico, acorde cos principios enunciados, que permitise ao alumnado unha experimentación creativa a partir da súa contorna.

## Alumnado, profesoras e departamentos implicados

O proxecto desenvolveuse nos catro grupos de **1º ESO** do IES Ponte Caldelas, afectando á totalidade do alumnado deste nivel, 87 alumnos/as.

Implicáronse no proxecto a totalidade das profesoras que impartían **LG e LC** neste nivel, que se constituíron en grupo de traballo (GT TIL) para tal fin:

Blanco Diéguez , Susana (LG/LC)

Chamadoira Fortes , Sonia (LC)

Diéguez Rojo , María Xesús (LG) (coordinadora)

Otero Gago , María Isabel (LG)

San Luis Lorenzo , Rosa Montserrat (LC)

Certas fases do proxecto, que máis adiante se detallan, desenvolvéronse de xeito interdisciplinar en colaboración con:

Departamento de **Educación Plástica e Visual**, profesora Patricia Duarte Suárez.

Departamento de **Bioloxía e Xeoloxía (proxecto “Monte Vivo”)**, profesoras Montserrat Escudero Fernández e Beatriz Fervenza Couñago.

E todo o proxecto desenvolveuse en colaboración, de xeito que tamén máis adiante se detalla, coa **biblioteca escolar**, coordinada pola profesora Pilar Rubio Sabugueiro.

## Calendario de aplicación

O proxecto desenvolveuse durante **todo o curso escolar**. Realizáronse **dous produtos textuais integrados (PTI)**: *Revolución literaria*, o máis importante e ao cal se lle dedicou a primeira e practicamente a segunda avaliación e *O noso telexornal*, iniciado a finais da segunda avaliación e desenvolto na terceira.

## Competencias, contidos e estándares

Respecto das **competencias clave** traballadas, o proxecto artéllase a partir da competencia en Comunicación lingüística (CCL), se ben ao seu carón desenvóléronse especialmente:

Aprender a aprender (CAA).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Competencia dixital (CD).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Os **contidos** establecéronse a partir dos **currículos íntegros** de LG e LC para 1º ESO, logo de acordar obxectivos mínimos e estándares comúns para os dous departamentos:

PTI: Revolución literaria (LIBRO DIXITAL DE CREACIÓN LITERARIA . 1ª e 2ª Av.)		
Contidos LG	Contidos LC	Estándares
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Normas de conduta</li> <li>- Normas do caderno e cartafol</li> </ul>		<p><b>COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprende e sintetiza textos orais e escritos.</li> <li>- Identifica ideas principais e secundarias dos textos.</li> <li>- Diferencia lingüisticamente contextos formais e non formais.</li> <li>- Distingue , nun texto, a obxectividade da subxectividade e diferencia a linguaxe connotativa da denotativa.</li> </ul> <p><b>EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mellora o seu vocabulario segundo avanza o curso e incorpora o novo que vai aprendendo.</li> <li>- É capaz de ler seguindo adecuadamente os aspectos prosódicos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O alfabeto (familia léxica e campo semántico)</li> <li>- Regras de acentuación</li> <li>- Til diacrítico</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso del diccionario</li> <li>- Los signos de puntuación</li> <li>- La tilde diacrítica</li> </ul>	

		<ul style="list-style-type: none"> <li>- É capaz de expresarse oralmente con fluidez.</li> <li>- Exprésase de forma diferente segundo necesite usar un resixtro formal ou informal.</li> <li>- Produce textos (orais e escritos) de diferentes tipos propios da vida cotiá e do ámbito académico.</li> <li>-Utiliza a lingua galega/lingua castelá habitualmente nas súas intervencións.</li> <li>- Aplica as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega/lingua castelá.</li> <li>- Puntúa adecuadamente os textos.</li> <li>- Escribe textos literarios sinxelos.</li> </ul>
- O adxectivo	- El sustantivo	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A literatura e os xéneros literarios</li> <li>- A poesía (métrica, figuras literarias)</li> <li>- Creación poética</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Los textos literarios y los textos no literarios</li> <li>- La narración literaria (narrador, personajes, tiempo, espacio)</li> <li>- Creación de cuentos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura de información/procedementos</li> <li>-Busca as palabras que non coñece no dicionario.</li> <li>- Elabora guións para as súas exposicións orais.</li> <li>-Elabora borradores para os seus textos escritos.</li> <li>- Revisa as actividades corrixidas e ten en conta os erros para non volver cometelos.</li> <li>- Participa con aproveitamento en proxectos plurilingües.</li> </ul>
- A lusofonía	- El plurilingüismo	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Utiliza coñecementos lingüísticos de linguas diferentes á propia.</li> <li>-Le literatura en galego/castelán.</li> <li>--Usa os medios dixitais para obter a información que se lle solicita, resolver dúbidas e elaborar a produción propia.</li> <li>- Sabe usar e usa habitualmente as bibliotecas, incluídas as virtuais para resolver dúbidas ou facer as tarefas encomendadas.</li> </ul>
- Lectura expresiva e comprensiva (intención comunicativa, idea principal e secundarias)		<p><b>COÑECEMENTOS TEÓRICOS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñece as principais categorías gramaticais.</li> <li>-Coñece a diversidade lingüística da Península.</li> <li>- Coñece a relación entre o galego e o portugués e os territorios destas lingua.</li> <li>- Coñece e usa recursos da tradición oral para as súas producións.</li> <li>-Diferencia entre textos literarios e non literarios.</li> <li>-Coñece a diferenza entre os tres grande xéneros literarios.</li> </ul>
- Exposición oral: recitado de poemas	- Exposición oral: lectura de cuentos.	<p><b>ACTITUDE</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Ten autonomía para realizar as tarefas escolares.</li> <li>-Segue as normas de cortesía propias de cada situación .</li> <li>-Non utiliza téminos discriminatorios.</li> <li>-Usa a lingua galega sen prexuízos e valóraa como elemento de comunicación habitual.</li> <li>-Respecta e valora as variantes dialectais.</li> <li>-Recoñece a canción como linguaxe artística.</li> </ul>
-O procesador de textos e uso de drive para a creación de textos propios. - Ferramentas online: correctores, dicionarios, rimadores...		
-O uso da biblioteca e a biblioteca de aula		

PTI: O noso telexornal ( 2ª e 3ªAv.)		
Contidos LG	Contidos LC	Estándares
- Ortografía - Vocabulario		<p><b>COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprende e sintetiza textos orais e escritos.</li> <li>- Identifica ideas principais e secundarias dos textos.</li> <li>- Diferencia lingüisticamente contextos formais e non formais.</li> <li>- Distingue , nun texto, a obxectividade da subxectividade e diferencia a linguaxe connotativa da denotativa.</li> </ul> <p><b>EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mellora o seu vocabulario segundo avanza o curso e incorpora o novo que vai aprendendo.</li> <li>- É capaz de ler seguindo adecuadamente os aspectos prosódicos.</li> <li>- É capaz de expresarse oralmente con fluidez.</li> <li>- Exprésase de forma diferente segundo necesite usar un rexistro formal ou informal.</li> <li>- Produce textos (orais e escritos) de diferentes tipos propios da vida cotiá e do ámbito académico.</li> <li>- Utiliza a lingua galega/lingua castelá habitualmente nas súas intervencións.</li> <li>- Aplica as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega/lingua castelá.</li> <li>- Puntuá adecuadamente os textos.</li> <li>- Escribe textos expositivos sinxelos.</li> <li>- Cohesiona adecuadamente as ideas mediante conectores e concordancia dos distintos elementos lingüísticos.</li> </ul> <p><b>PROCURA DE INFORMACIÓN/PROCEDIMENTOS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Busca as palabras que non coñece no dicionario.</li> <li>- Elabora guións para as súas exposicións orais.</li> <li>- Elabora borradores para os seus textos escritos.</li> <li>- Revisa as actividades corrixidas e ten en conta os erros para non volver cometelos.</li> <li>- Participa con aproveitamento en proxectos plurilingües.</li> <li>- Utiliza coñecementos lingüísticos de linguas diferentes á propia.</li> <li>- Le xornais e relatos en galego/castelán.</li> <li>- Compara de forma crítica a mesma información en diferentes medios de comunicación.</li> <li>- Usa os medios dixitais para obter a información que se lle solicita, resolver dúbidas e elaborar a produción propia.</li> <li>- Sabe usar e usa habitualmente as bibliotecas, incluídas as virtuais para resolver dúbidas ou facer as tarefas encomendadas.</li> </ul> <p><b>COÑECEMENTOS TEÓRICOS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñece as principais categorías gramaticais.</li> <li>- Identifica os principais textos xornalísticos e recoñece as partes da noticia .</li> </ul>
-O verbo (regulares e irregulares; o pasado, o presente e o futuro; as perífrases verbais)	- El verbo (tiempos simples y tiempos compuestos)	
-A noticia (partes da noticia; os breves; a obxectividade e a subxectividade)	- El resumen	
- Lectura colectiva en voz alta: "La fraga de Cecebre", <i>El bosque animado</i>	-Lectura colectiva en voz alta: <i>O home que plantaba árbores</i>	
-Expresión oral:o telexornal.	- Exposición oral: resumen oral	
os prexuízos lingüísticos		
-O procesador de textos e uso de drive para a creación de textos propios. - Ferramentas online: correctores, dicionarios, xornais...		
-O uso da biblioteca e a biblioteca de aula		

	<b>ACTITUDE</b> -Ten autonomía para realizar as tarefas escolares. -Segue as normas de cortesía propias de cada situación . -Non utiliza téminos discriminatorios. -Usa a lingua galega sen prexuízos e valóraa como elemento de comunicación habitual. -Respecta e valora as variantes dialectais.
--	--

Estes PTI traballáronse de xeito interdisciplinar con outros departamentos.

O **departamento de EPV** ilustrou os poemas e contos que o alumnado creou previamente como textos literarios para o PTI “Revolución literaria”, establecendo un diálogo artístico a partir de dúas linguaxes diferentes. Os contidos fundamentais foron:

- B1.6. Elementos de expresión plástica: liña, textura e cor.
- B1.7. Composición: elementos
- B1.8. O ritmo na composición.
- B2.2. Comunicación visual. Símbolos e iconas

O **departamento de Bioloxía e Xeoloxía** foi o eixo de conexión do proxecto TIL con outro proxecto desenvolvido no IES de Ponte Caldelas durante o curso 2018-19, [“Monte Vivo”](#). Proporcionou o eixo temático de parte das creacións literarias do alumnado e logo da realización de “O noso telexornal”, a partir das súas propias experiencias na recuperación dos terreos queimados na contorna do IES. Os contidos básicos foron:

- B 3. 1. O concepto de biodiversidade e a súa importancia.
- B 4.5, 6 e 7. Os ecosistemas. Factores desencadeantes do seu desequilibrio e accións que favorecen a conservación ambiental.
- B 5.3. Proxecto de investigación. Preparación e exposición.



Os criterios e procedementos de **avaliación** que servirían para cualificar o alumnado pola elaboración dos produtos textuais integrados consensuáronse entre os departamentos de LG e LC. Determináronse os seguintes:

	ORALIDADE	CADERNO/ CARTAFOL	LIBRO LECTURA	EXAMES ESCRITOS
Peso porcentual	20%	20%	10%	50%
Procedementos/ Instrumentos	-Rúbrica observación aula -Rúbrica exposicións orais con TIC	-Rúbricas corrección da produción escrita.	-Exame escrito ou exposición oral.	-2 exames escritos por avaliación

### Obxecto de investigación proposto

O proxecto tivo como finalidade a elaboración de dous **produtos textuais comunicativos integrados**: “Revolución literaria” e “O noso telexornal”. Desde ambos os dous pretendeuse, desde a metodoloxía TIL e cun enfoque comunicativo, que o alumnado fose quen de crear diferentes clases de textos ligados ás súas vivencias persoais. Máis concretamente, en “**Revolución literaria**” perseguíuse:

- O coñecemento dos recursos literarios como forma de expresión dos desexos, medos e vivencias persoais.
- O descubrimento da literatura como un recurso lúdico e “nutritivo”.
- A exploración da propia creatividade.

En “**O noso telexornal**”perseguiuse:

- A necesidade de comprensión dos textos que forman parte das nosas vidas.
- O coñecemento e uso das estruturas textuais nos discursos propios.

- A reflexión sobre opinión e información para valorar a súa importancia na elaboración do pensamento individual e colectivo.

E en ambos os dous:

- A importancia de dominar a expresión oral e escrita para lograr obxectivos.
- A constatación de que a lingua é a ferramenta máis poderosa que posuímos para nos comunicar.
- A implicación do alumnado no seu proceso de aprendizaxe.

### Proceso de deseño e elaboración

Durante o **curso 2017/18** realízanse xuntanzas do profesorado de linguas , especialmente lingua galega (LG) e lingua castelá (LC) do IES de Ponte Caldelas co fin de procurar achegar acordos respecto da metodoloxía e mais da terminoloxía empregada. Froito dese traballo elabórase un primeiro borrador que se recolle no PL do Centro e, sobre todo, xorde a necesidade de se constituír como grupo de traballo (GT) no curso vindeiro para avanzar de xeito efectivo nesta coordinación.

Ao inicio do **curso 2018/19** constitúese un GT no IES que diseña o proxecto TIL para 1º ESO desde os primeiros días de setembro (se ben o GT non se recoñece formalmente até inicios de novembro). O proxecto lévase ás aulas desde o inicio de curso. Séguese o seguinte **calendario**:

Meses	Actividade
Setembro/outubro	-Deseño e elaboración do material didáctico que se empregará para o PTI “Revolución literaria”.

Novembro	-Formación do profesorado (metodoloxía TIL). -Montaxe das bibliotecas de aula.
Decembro	-Formación do profesorado (TIC colaborativas). -Avaliación do GT, do PTI e da súa aplicación en aula.
Xaneiro/febreiro	-Formación do profesorado (Avaliación externa do proxecto). -Deseño e elaboración do material didáctico que se empregará para o PTI “O noso telexornal”. -Actividades complementarias: “Encontro poético con Fran Alonso” e “Animación á lectura desde os Mitos gregos”.
Marzo	-Formación profesorado (Avaliación TIL). -Actividade complementaria: Visita ao Faro de Vigo e Comunidade de Montes de Teis. - Selección do material elaborado para a edición de “Revolución literaria” -Avaliación do GT e da aplicación en aula do PTI.
Abril/maio	-Avaliación do PTI “O noso telexornal” -Exposicións orais e gravacións.
Xuño	-Avaliación do proxecto TIL e acordos para o curso 2019/20.

Ao calendario anterior hai que lle engadir, obviamente, as múltiples **sesións de coordinación** que se fixeron durante todo o curso, tanto a nivel departamental como de profesoras do proxecto e tamén coas profesoras dos outros departamentos e proxectos implicados.

Para o **curso 2019/20** tense xa acordado manter (e mellorar) o proxecto TIL en 1º ESO, procurando a integración do profesorado de linguas estranxeiras e ademais desenvolver en 2º ESO, durante unha avaliación, unha iniciativa similar que sirva para ir introducindo

(e darlle continuidade) a este proxecto, co fin de configuralo no futuro como o proxecto lingüístico dos dous cursos iniciais de ESO.

### Material elaborado

Achégase arquivo co material elaborado, ademais de que pode ser consultado nos cursos de [LG 1º ESO TIL](#) e [LC 1º ESO TIL](#), ambos os dous aloxados na aula virtual do IES Ponte Caldelas. Con todo detállase a continuación a natureza do material:

-1 Cartafol para o alumnado por avaliación, en LG e LC, nos que consta o material textual que debe ser elaborado e entregado, ademais dos criterios de avaliación.

-1 caderno/guía de gramática de lingua galega e outro de lingua castelá, con terminoloxía consensuada entre ambos os dous departamentos.

-Unidades didácticas (de LG e LC) sobre os procedementos e coñecementos que o alumnado debe adquirir para elaborar os PTI.

-Rúbricas de avaliación para todas as actividades textuais orais e escritas.

-Varios documentos de reflexión sobre a aprendizaxe para que o alumnado poida autoavaliarse e coavaliarse e mellorar a partir da corrección dos erros propios e colectivos.

-Material didáctico extra: guías de lectura, selección e adaptación de textos e vídeos...

## Tarefas realizadas polo alumnado

Para “Revolución literaria”:

- Elaboración dun alfabeto creativo e exposición nos corredores do IES.
- Creación (colectiva e individual) de textos literarios variados (microrrelatos, acrósticos, caligramas, poemas, contos...) e posterior selección dun conto e dun poema por alumno/a para a elaboración dun libro colectivo por clase.
- Ilustración (aula de EPV) persoal da creación literaria.
- Participación en concursos relacionados co PTI: microrrelatos, rap da igualdade, título da publicación, portadas... (en colaboración coa biblioteca e EDL)
- Preparación dixital do libro de creación “Revolución literaria” (As profesoras encargámonos da edición dixital e material) e difusión do mesmo.
- Preparación activa para os “Encontros de animación á lectura” e divulgación das actividades no *Falabarato*, a revista do IES.
- Recitais poéticos (Gravacións, Día das Letras, con EDL)

Para “O noso telexornal”:

- Lectura de xornais de papel e dixital, con especial relevancia das noticias ambientais (coordinación co proxecto “Monte Vivo”) e da contorna. Resumos escritos e orais das mesmas.
- Actividade: “Tod@s somos xornalistas” (Visita ao Faro de Vigo e exposición oral, en clave noticia, da mesma)
- Creación de noticias inventadas, ambientadas na contorna, e que se corresponden coas distintas seccións dun xornal.
- Gravación dun telexornal.

## Recursos utilizados e fontes empregados

Para a formación das profesoras e elaboración do material:

- Sesións presenciais de formación arredor do TIL con Francisco Díaz Rey
- James Cummins: [Interdependencia lingüística y desarrollo educativo de los niños bilingües. Universidade de Alberta.](#)
- Carlos Lomas: "[Enseñar lengua para aprender a comunicar\(se\)](#)" *La educación lingüística y literaria en Secundaria*, pp.21-33. Consejería de Educación y Cultura de Murcia.
- María Victoria Apraiz Jaio e outras: "La enseñanza integrada de las lenguas en la escuela plurilingüe". (Monográfico). *Revista Iberoamericana de Educación*, nº59 (2012), pp. 119-137
- Nerea Ugalde Ustárriz: *Propuesta didáctica desde el tratamiento integrado de las lenguas (TIL). El género de la entrevista en la ESO*. UPNA (Traballo fin de máster)
- Víctor Moreno: *El deseo de escribir, Va de poesía*. Editorial Pamiela
- Antonio García Teijeiro: *A poesía necesaria*. Editorial Galaxia
- AAVV: *Poesía Hexágono. Ollada e experiencia. Proposta e resposta nas aulas*. Ed. Apiario
- Consuelo Varela Fernández: *Verso a verso. A poesía sae das aulas*. Ed. Xerais
- Rosalía Fernández Rial: *Aulas sen paredes*. Edicións Positivas
- Gianni Rodari: *Gramática de la fantasía*. Editorial del Bronce
- Danniell Pennac: *Como unha novela*. Ed. Xerais
- [La Voz de Galicia. Programa Prensa- Escola.](#)
- Belén Pérez Aldariz: [Xéneros xornalísticos \(Repositorio Abalar\)](#)

Os recursos didácticos foron elaborados polas profesoras e postos a disposición do alumnado en fotocopias e mais na aula virtual (vid. Material elaborado). Tamén na aula virtual se recolle outro material e recursos (non de elaboración propia) seleccionado e facilitado ao alumnado:

Como **recursos físicos** empregáronse: biblioteca escolar e bibliotecas de aula (creadas con este proxecto); aula de informática; aulas materia de linguas.

### Implicación da comunidade educativa

Como xa se dixo, o grupo humano coordinador deste Proxecto TIL formárono a totalidade das profesoras que impartiron este curso clases de **lingua galega e lingua castelá** en 1º ESO a partir da creación dun grupo de traballo de 50 horas que foi levado a claustro e contou co visto e prace do mesmo e mais do consello escolar.

Este grupo de traballo coordinouse, ademais, con outro proxecto do IES “**Monte Vivo**”, dinamizado desde o departamento de **Bioloxía e Xeoloxía**, con quen ademais se traballou de xeito interdisciplinar nos contidos ambientais, na elaboración e presentacións de proxectos de investigación e mais na adquisición de coñecemento e destreza nas ferramentas dixitais necesarias para tal fin.

O departamento de **Educación Plástica** complementou a creación literaria con achegas de debuxos realizadas polo propio alumnado para a edición de “Revolución literaria”

O departamento de **Tecnoloxía** colaborou na dixitalización do material elaborado polo alumnado.

O **Equipo de Dinamización Lingüística** acolleu os proxectos que presentamos e colaborou connosco na difusión do mesmo. (vid Tarefas do alumnado)

### Participación da biblioteca escolar

A **biblioteca escolar** foi outro dos eixos vertebradores do proxecto. Os seus recursos humanos e materiais foron imprescindibles para o seu desenvolvemento. Grazas a ela:

- Fíxose formación de usuari@o de biblioteca, físico e virtual.
- Creáronse e dotáronse as bibliotecas de aula.
- Realizáronse encontros con escritores e actividades de animación á lectura.
- Houbo premios para a creación literaria do alumnado.
- Realizáronse recitais poéticos e concursos narrativos.

### Difusión dos traballos

Tanto o material didáctico elaborado polo profesorado, así como as producións textuais creadas polo alumnado (“As nosas producións”) están aloxadas na aula virtual do IES ([LG 1º ESO TIL](#) e [LC 1º ESO TIL](#), acceso libre como convidado) e, que sabemos, visitada polas familias. Tamén se aloxan na páxina web da biblioteca do IES, [PONTENABIBLIO](#), e no blog de aula [MILFALARES](#).

Ademais, os libros “Revolución literaria” (un por curso), editáronse fisicamente e pasaron a formar parte da biblioteca de aula. No momento da redacción desta memoria, estase editando (encadernado con algo máis de calidade) un colectivo que formará parte do fondo bibliográfico da biblioteca do IES.



Parte da produción do alumnado pode verse na [páxina web de “Monte Vivo”](#) e un artigo sobre o proxecto pode lerse no Falabarato, a revista do IES de Ponte Caldelas e que chega aos fogares de todo o alumnado.

### Avaliación realizada

**Ao alumnado** proporcionóuselle rúbricas que permitiron avaliar tanto o proceso de aprendizaxe, como a final de curso, unha ficha de avaliación do proxecto.

En xeral, a avaliación foi moi positiva. Valoraron especialmente o reparto de contidos, o uso práctico da lingua (enfoque comunicativo) e os resultados obtidos. O mellor indicador de logro e que piden continuar con Proxecto TIL o curso vindeiro.

**Para o profesorado**, a experiencia supuxo un aliciente de renovación e innovación pedagóxica, ademais da posibilidade de formarse na metodoloxía TIL.

O mellor indicador de resultados é o acordo de, como se dixo, manter (e mellorar) o proxecto TIL en 1º ESO, procurando a integración do profesorado de linguas estranxeiras e ademais ilo introducindo o curso vindeiro en 2º ESO, co fin de configuralo no futuro como o proxecto lingüístico dos dous cursos iniciais de ESO.